** Impoñer a M.P.B., na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de mil douscentos euros con vinte céntimos (1.200,20 €) por infracción ao ter cometido obras no lugar de Cima de Vila-Darbo, consistentes en realizar a instalación dun portal pechando un camiño ou sendeiro público.*

De conformidade co artigo 161 da Lei 2/16, do 10 de febreiro, advírtese ao interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 50%, se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 1/2015-S.

6.C) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓ URBANÍSTICA Nº 39/2013-S

Dase conta de proposta do instrutor do día 10.05.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 39/2013-S, que é como segue:

"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACIÓ URBANÍSTICA Nº 39/2013-S

PROPOSTA DE SANCIÓ PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL



Concello de Cangas

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de xullo do 2015, resulta que:

PRIMEIRO.- O expediente sancionador nº 139/2013-S, incoouse a M.C.P. o pasado 13 de xullo de 2015, tras a execución de obras sen axustarse á licenzas concedidas nº 23.059 e nº 22.563, consistentes en realizar un cerramento de predio a base de muro de bloques ata 1,30 metros e postes de formigón de 1,70 metros con malla metálica de ocultación, no lugar de Vilanova-O Hío. Estas obras, de carácter ilegalizable, foron obxecto do expediente de restauración da legalidade urbanística nº 39/2013, que rematou por resolución de Alcaldía de data 23 de abril de 2014 ordenando axustar as obras realizadas ás licenzas nº 23.059 e nº 22.563.

Consta no expediente informe do inspector municipal no que sinala que: presentado no lugar comprábase que o cerramento foi rebaixado en altura ata acadar os 70 cms. de altura pertinenete, así mesmo foron demolidas as edificacións existentes, co cal se considera que foi reposta a legalidade urbanística."

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegacións ou para aportar documentos e informacións, a interesada, con data 31 de xullo do 2015 presenta escrito de alegacións, que foron desestimadas na proposta elaborada polo instrutor do expediente Mariano Abalo Costa (notificada o 07.10.2015).

TERCEIRO.- No trámite outorgado para o efecto a interesada formula novo escrito de alegacións en data 20.10.2015, rexistro de entrada nº 13.430, no que reitera o manifestado ás alegacións xa desestimadas no expediente en canto:

1.- A prescrición da infracción, toda vez que ao ser leve, prescribe aos dous anos.

Con relación á prescrición alegada reiterase, que tal e como sinala o artigo 218 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia as sancións leves prescriben no prazo de dous anos, as graves no prazo de seis e as moi graves no prazo de quince anos a contar desde a finalización das obras. O expediente foi incoado con data 13 de xullo do 2015 por acordo da Xunta de Goberno Local, o que quere dicir que non transcorreron os dous anos, no mellor dos casos, para estimar a prescrición alegada, toda vez que a acta do expediente de restauración da legalidade urbanística pola que o Concello tivo coñecemento das obras executadas é de data 29 de outubro de 2013.



Concello de Cangas

2.- En canto a alegación de que a infracción debe considerarse leve, cómpre indicar que o técnico municipal con data 12 de novembro do 2015, informa que as obras obxecto do presente expediente se consideran graves, polo que a alegación debe ser desestimada, reiterando os informes xa emitidos en datas 14 de novembro do 2013, 15 de setembro do 2015.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por M.C.P. contra a proposta elaborado polo instrutor do procedemento en data 1.10.2015, polos razoamentos expostos no corpo desta proposta.

SEGUNDO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3 da mesma norma citada.

TERCEIRO.- Que M.C.P., na súa calidade de promotora é responsable directa da referida infracción.

CUARTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02 e 55 do Regulamento de disciplina urbanística, a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire é o suficientemente importante para gradúar a sanción a impoñer na súa contía seis mil un euros (6.001,00) euros.

QUINTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.d. 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, agás no previsto no artigo 13.2, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado, cando non figuren nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas, no seu caso, polo interesado, de conformidade co previsto no artigo 3 no 16.1 do citado regulamento.

SEXTO.- Impoñer a M.C.P., na súa calidade de promotora unha multa sancionadora de seis mil un euros (6.001,00) euros (ao aplicárselle a redución prevista no artigo 161.4 da Lei 2/2016), por infracción, ao ter cometido obras no lugar de Vilanova-O Hío, consistentes en realizar un cerramento de predio a base de muro de bloques ata 1,30 metros e postes de formigón de 1,70 metros



Concello de Cangas

con malla metálica de ocultación, sen axustarse ás licenzas concedidas nº 23059 e nº 22563 para muro de pedra de 0,70 metros de alto.

De conformidade coa Lei 2/16, do 10 de febreiro, advírtese ao interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 50 por cento se é pagada no prazo de quince días, a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 39/2013-S.

6.D) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓ URBANÍSTICA Nº 12/2015-S

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 19.05.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 12/2015-S, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE Nº 12/2015-S

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Pinténs-O Hío, consistentes en: realizar unha rampla no camiño para o acceso á propiedade que alcanza unha altura aproximada de 45 cm. con respecto á rasante actual do camiño.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 25 de setembro do 2015, a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas: título V das Normas Urbanísticas II.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados: B.I.G., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 da mesma norma.



Concello de Cangas

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1 .b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por Rd 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163. c) da Lei 2/16, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de réxime local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 163 da Lei 2/16, 10 do Rd 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do Rd 1398/93, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 90%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de



Concello de Cangas

audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do Rd 1398/93.

OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interponer o que estime máis conveniente”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 12/2015-S.

6.E) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 30/2015-S

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 10.05.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 30/2015-S, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXPEDIENTE Nº 30/2015-S

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Mendiña-Aldán, consistentes en: realizar a reforma e reconstrución dun muro de contención en cachotería a menos de 4 metros do eixo do camiño.



Concello de Cangas

Resultando que, con data 26 de febreiro do 2016, a inspección municipal de obras informa que: "Ao presentarme no lugar, puiden comprobar que foi retirada a parte superior do muro en que consistía a ampliación pola que se incoou este expediente de reposición".

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, B. B. D., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/16, de 10 de febreiro, do solo de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 a) da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indicando ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 50%.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por Rd 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do Rd 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo



Concello de Cangas

co establecido no artigo 163 da Lei 2/16, 10 do Rd 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do Rd 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 9%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes e no seu caso propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do Rd 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interponer o que estime máis conveniente”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 30/2015-S.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

7º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR



Concello de Cangas

7.A) PROPOSTA S/MODIFICACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 24.05.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a J.C.G., co expediente nº 36008/02/339-PC)/6914, a MODIFICACIÓN (incremento de horas) do Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de DEPENDENCIA e de acordo cos seguintes detalles:*

Prestacións:

**Atencións de carácter persoal.*

**Atencións de carácter doméstico e da vivenda.*

- Custo do servizo: oitocentos cincuenta e oito euros con trinta e un céntimos (858,31 €).

- Achega económica da persoa usuaria: segundo capacidade económica: cento trinta e un euros con sesenta e oito céntimos/mes (131,68 €/mes).

- Número de horas: 70 horas.

- Data prevista de MODIFICACIÓN no SAF: maio de 2016".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

7.B) PROPOSTA S/CONCESIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 16.05.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social



Concello de Cangas

dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

*** Concederlle o servizo de Axuda a Domicilio a M.P.G., con expediente nº 36008/01/002031-24077, pola quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:**

Prestacións:

- *Atencións de carácter persoal.*
- *Atencións de carácter psicosocial.*
- *Atencións de carácter doméstico.*

- Número de horas mensuais: 70 horas.

- Custo total do servizo: oitocentos cincuenta e oito euros con vinte céntimos (858,20 €) doce euros con vinte e seis céntimos/hora (12,26 €/hora).

O cómputo da capacidade económica mensual, facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de mil douscentos vinte euros con dez céntimos (1.220,10 €), cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custe do servizo de tres euros con corenta e dous céntimos/hora (3,42 €/hora).

- Achega económica da persoa usuaria: douscentos trinta e nove euros con vinte e seis céntimos/mes (239,26 €/mes).

O servizo de SAF iniciarase o 18 de maio de 2016”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

8º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE XANTAR NA CASA

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 23.05.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Xantar na Casa, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

E.G.G., xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra)



Concello de Cangas

Con relación ao Servizo de Xantar na Casa e examinado informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

** **ALTA** no servizo a don J.R.D-A. con expediente nº 36008/01/000868".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

9º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/TRANSMISIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE

9.A) PROPOSTA S/TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DE POSTO DE VENDA AMBULANTE

Examinada a proposta de data 24.05.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a transmisión de autorización de posto de venda ambulante, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 131

ANTECEDENTES

Por escrito de data de rexistro de entrada 15.01.2016, O.C.C., e enderezo en Rúa Domingo Bueno, nº 48-29ª-Porriño, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de L.C.C, domiciliada en Rúa Castillo, nº 4-Cans-Porriño, que manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.

Á solicitude anterior achégase da documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A Lei 13/2010 de Comercio Interior de Galicia establece no seu artigo 76 que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.



Concello de Cangas

II.- O artigo 16 da vixente Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos neste polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.

III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor da adquirente L.C.C.

IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local con base no disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 131 do mercado dos venres da que era titular O. C.C. a favor de L.C.C., adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como, á Concellería de desenvolvemento económico e emprego local, Estatística, e Tesourería”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita, referente a transmisión de autorización de posto de venda ambulante.

9.B) PROPOSTA S/TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DE POSTO DE VENDA AMBULANTE

Examinada a proposta de data 24.05.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a transmisión de autorización de posto de venda ambulante, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 121

ANTECEDENTES



Concello de Cangas

Por escrito de data de rexistro de entrada 19.04.2016, N.G.G. e enderezo en Santa Marta, nº 55-Darbo-Cangas, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de S.G.G, domiciliado en Rúa Telleiro, nº 6-Coiro-Cangas, que manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.

Á solicitude anterior achégase da documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A Lei 13/2010 de Comercio Interior de Galicia establece no seu artigo 76 que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.

II.- O artigo 16 da vixente Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos neste polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.

III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor do adquirente S.G.G.

IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local en base ao disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 121 do mercado dos venres da que era titular N. G.G a favor de S.G.G., adoptando disposicións oportunas para a súa formalización.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Concellería desenvolvemento económico e emprego local, Estatística, e Tesourería”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita, referente a transmisión de autorización de posto de venda ambulante.



Concello de Cangas

SUBVENCÍONS

10º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA S/CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA "ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO VARREDOR PARA LIMPEZA VIARIA E QUAD PARA RECOLLIDA DE LIXO"

Dase conta de comunicación do 28.04.2016 da Deputación Provincial de Pontevedra, na que se comunica que a Xunta de Goberno da Deputación en sesión do día 22.04.2016, acordou conceder unha subvención ao Concello de Cangas, por importe de setenta e tres mil cen euros (73.100,00 €), para o financiamento da subministración "ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO VARREDOR PARA LIMPEZA VIARIA E QUAD PARA RECOLLIDA DE LIXO".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda quedar informada e aceptar a concesión de subvención por parte da Deputación Provincial de Pontevedra de unha subvención ao Concello de Cangas, por importe de setenta e tres mil cen euros (73.100,00 €), para o financiamento da subministración "ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO VARREDOR PARA LIMPEZA VIARIA E QUAD PARA RECOLLIDA DE LIXO".

PERSOAL

11º.- PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE PERSOAL S/APROBACIÓN DA RELACIÓN DE VACACIÓNS DO PERSOAL DO CONCELLO DE CANGAS PARA O ANO 2016

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa, pendente de mellor estudo.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DAS CONCELLERÍAS DE ENSINO E DEPORTES, MOCIDADE E VOLUNTARIADO E SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE S/APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS PARA O PAGO DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA "ENREDOS DE VERÁN"



Concello de Cangas

Dase conta de proposta conxunta de data 20.05.2016 das concellerías de Ensino e Deportes, de Mocidade e Voluntariado, e de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, referente a aprobación de prezos públicos para o pago das actividades do programa "ENREDOS DE VERÁN", que é como segue:

"PROPOSTA PARA APROBACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Desde as concellerías de Ensino e Deportes, Mocidade e Voluntariado e Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, propoñemos á Xunta de Goberno Local a aprobación dos seguintes prezos públicos, para o pago das actividades do Programa 'Enredos de Verán':

- *Actividades de maná: 5,00 €/día.*
- *Actividades de mañá e comedor: 9,00 €/día.*
- *Actividades día completo: 10,00 €/día.*
- *Actividades náuticas: 45,00 €/quincena".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente, referente a aprobación de prezos públicos para o pago das actividades do programa "ENREDOS DE VERÁN".

B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE "XESTIÓN DO PROGRAMA ENREDOS DE VERÁN"

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 24.05.2016, referente ao inicio de expediente de contratación do servizo de "XESTIÓN DO PROGRAMA ENREDOS DE VERÁN", que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE "XESTIÓN DO PROGRAMA ENREDOS DE VERÁN"

Visto o informe do concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade no que sinala e necesidade de contratar o servizo de xestión do programa 'Enredos de Verán'.

Tendo en conta as características do servizo e os prazos de prestación deste, parece que o procedemento máis axeitado a seguir é o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación e tramitación urxente.



Concello de Cangas

Por todo o que antecede, no uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación do servizo de 'Xestión do Programa Enredos de Verán', mediante procedemento aberto, oferta economicamente mais vantaxosa con varios criterios de adxudicación e tramitación urxente.

SEGUNDO.- Que polo departamento de Apoio Xurídico se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

TERCEIRO.- Que o interventor municipal faga a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que supón a realización deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

CUARTO.- Que Secretaría emita un informe-proposta ao respecto se a fiscalización previa é favorable.

QUINTO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Secretaría e Intervención".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente, referente ao inicio de expediente de contratación do servizo de "XESTIÓN DO PROGRAMA ENREDOS DE VERÁN".

D) SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA S/PARA CREACIÓN, MELLORA E AMPLIACIÓN DE PEQUENAS INFRAESTRUTURAS, MEDIANTE PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA

Vista a Resolución do 10.05.2016 do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria, en réxime de concurrencia competitiva, de subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas, mediante proxectos de aforro e eficiencia enerxética na administración local, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014/2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda solicitar ao Instituto Enerxético de Galicia, subvención para a creación, mellora e



Concello de Cangas

ampliación de pequenas infraestruturas, mediante proxectos de aforro e eficiencia enerxética, de conformidade coa Resolución do 10.05.2016 do Instituto Enerxético de Galicia.

E) ACORDO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE CANGAS PARA ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS S/DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS NO ÁMBITO DO PLAN GALEGO DE REHABILITACIÓN, ALUGUER E MELLORA DO ACCESO Á VIVENDA 2015-2020

Visto o acordo entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e o Concello de Cangas para adhesión ao convenio de colaboración entre o IGVS e solo e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para o desenvolvemento do programa de vivendas baleiras no ámbito do plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o acordo entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e o Concello de Cangas, para adhesión ao convenio de colaboración entre o IGVS e solo e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para o desenvolvemento do programa de vivendas baleiras no ámbito do plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e á Federación Galega de Municipios e Provincias.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e praxe
o presidente